



I Control de marcas Inverno Elviña 2021



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Art.1). Os club Riazor Coruña e Marineda Atlético organizan o I Control de marcas Elviña 2021 o día 5 de marzo de 2021, na pista universitaria de Elviña (A Coruña) . Colaboran o Concello da Coruña e a Universidade de A Coruña

Art.2). Horario definitivo

VIERNES 5 DE MARZO (ELVIÑA)

	CARREIRAS		LONXITUDE	ALTURA	PESO
17:00	60 mv sub 18	H	A	A	
17:07	60 mv sub 16	H			
17:14	60 mv sub 16-18	M			
17:21	60 mv sub 14	M-H			
17:30	600	M			
17:38	600	H			
17:45	400	M			
17:52	400	H	B		
17:59	50 SUB 10	M-H			
18:06	50 SUB 10	M-H			
18:13	50 SUB 10	M-H		B	
18:20	50 SUB 10	M-H			
18:27	50 SUB 10	M-H			
18:34	50 SUB 10	M-H			
18:41	60 SUB 12	M			
18:48	60 SUB 12	M	C		
18:55	60 SUB 12	M			
19:02	60 SUB 12	H			
19:09	60 SUB 12	H			
19:16	60 SUB 12	H			
19:23	60 SUB 14	M		C	
19:30	60 SUB 14	M			
19:37	60 SUB 14	M	D		
19:44	60 SUB 14	H			
19:51	60 SUB 14	H			
19:58	60 SUB 14	H			
20:05	60 SUB 16-ABS	M			
20:12	60 SUB 16-ABS	M		D	
20:19	60 SUB 16 -ABS	H			H-M
20:26	60 SUB 16 -ABS	H			
20:33	60 SUB 16 -ABS	H			
20:41	1500*	M			
20:48	3000	H			



I Control de marcas Inverno Elviña 2021



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

* Pendente confirmación de hora de realización da proba inclusiva, poderán participar atletas con discapacidade visual acompañados polo seu guía segundo protocolo FISICOVID19 aprobado pola SXD neste suposto

CADENCIA DOS LISTONS 1,0-1,06-1,11-1,16-1,21-1,26-1,31-1,36-1,41 4/4

No caso de ser superado o tope de inscricións, aplicarase o criterio de mellores marcas, conforme ás tempadas 2018-2019 e 2020 na proba específica. Entre aqueles/as atletas inscritos/as sen marca, terán preferencia segundo a orde de inscrición. Independentemente das marcas, terán preferencia na inscrición os clubs organizadores.

Art.3). Cada atleta retirará o seu dorsal na cámara de chamadas. Co horario definitivo, publicarase o horario de cámara de chamadas. Sendo imprescindible entregar na retirada a folla de Declaración Responsable.

Art.4). Poderán participar todos/as os/as atletas federados/as que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- **Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertencen a clubs doutras Comunidades Autónomas ó longo da tempada actual (2021)**

Art.5). As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/> ata as 15:00 horas do martes 2 de MARZO. Existirá unha cota de inscrición de 4 Euros por atleta.

Pasado o prazo de 24 horas de publicadas as inscricións, calquera baixa non xustificada levará consigo a perda da cota de inscrición correspondente. Neste tempo tamén poderán facerse inscricións fora de prazo o que leva unha multa de 3 € por participante ata o mércores 20 de decembro ás 12:00 e sempre coa autorización dos clubs organizadores e a dispoñibilidade de prazas libres.

Art.6). Na proba de altura cada atleta fará como máximo 7 intentos, sempre que antes non realice tres nulos consecutivos, neste caso remataría a súa competición. No peso e na lonxitude faranse 4 intentos.

Art.7). A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- **Se o/a atleta, previamente inscrito/a non participa finalmente no Control a sanción será de 3 euros por atleta inscrito/a e por proba,**



I Control de marcas Inverno Elviña 2021



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (competicion@atletismo.gal) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.

- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos)
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

Art.8). Os/As atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito. O incumprimento de esta norma será motivo da descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

Art.9). Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA. Restrinxirase o acceso ao público. Ademais do persoal imprescindible (atletas, xuíces, organización) e segundo acordo da comisión Covid-19 da FGA, poderán acreditarse un representante do Club (Delegado ou adestrador); entre 10 e 20 atletas dun Club, 1 delegado e 1 adestrador; entre 21 e 30, 1 delg. e 2 adest.; entre 31 e 40, 1 delg. e 3 adest.; mais de 41 atletas, 1 delg. e 5 adest. Adestradores con licenza en vigor. Unha vez rematada a súa función prégame que abandonen a instalación, (tamén os atletas). Unha vez publicado a listaxe de participantes, abriase un formulario para facer a solicitude de acceso de cada club.

Art.10). Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, a 22 de febreiro de 2021



I Control de marcas Inverno Elviña 2021



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



MEDIDAS DE ACTUACIÓN COVID-19

Control Elviña 5 de marzo 2021

O acceso a instalación realizarase por diferentes puntos segundo sexa atleta, xuíz, acompañante de menor ou adestrador. Sempre mantendo a distancia de seguridade de 1,5 metros entre as persoas e seguindo a sinalización establecida.

O acceso á grada (para adestradores e acompañantes de menores) realizarase a través das escaleiras exteriores, pola súa cara dereita, que estará debidamente sinalizada. A saída da grada realizarase a través das escaleiras laterais esquerdas, circulando pola cara esquerda en sentido da saída. Non será posible circular en ningún momento en sentido contrario, establecerase un punto de control acceso para tal efecto.



O aforo estará limitado e controlado ata un máximo de 150 persoas. Os asistentes deberán abandonar a instalación unha vez rematen a participación dos seus atletas.

Poderán solicitar acreditación ata ás 20:00 horas do 4/03/2021 os/as adestradores/as das/os atletas participantes así os delegados dos clubs na ligazón que se publicará coa listaxe de admitidos. En casos excepcionales poderán acreditarse tamén aos pais dos menores de idade.

O persoal autorizado e acreditado para estar na grada deberá permanecer en todo momento sentado cunha distancia superior a 2 metros deixando unha fila de asentos no medio e levar posta a mascarilla.




ACCESO DE ATLETAS

O acceso dos atletas mediante control do Comité Galego de Xuices, será a través da entrada en cámara de chamadas, onde recibirá o seu dorsal.



A zona de saída ao exterior dos atletas, una vez finalizadas as súas probas, será pola porta existente entre as gradas e a pista polideportiva.



Publicarase o horario la cámara de chamadas que lle corresponderá a cada proba, indicando a hora de presentación, seguindo as marcas indicadas no chan e respectando a distancia de seguridade, levando consigo a mascarilla sanitaria.

O quecemento deberá ser realizado no exterior da instalación, ou nas zoas de cámara de chamadas.

Haberá líquido hixienizante no control de acceso á instalación e a grada, así coma na cámara de chamadas.

I Control de marcas Inverno Elviña 2021

O terceiro punto de acceso, será para o persoal auxiliar federativo, adestradores/as de concursos acreditados/as e para os xuíces e para os/as atletas que teñan que facer a homologación dos seus artefactos e para os adestradores acreditados. Estará ubicado polo portón, pasada a zona de meta, no que tamén haberá un punto de control de acceso.



A Dirección e secretaría do evento está ubicada tamén neste punto por medio dunha carpa, na que se fará a secretaría e a dirección do evento. Calquera reclamación deberá ser realizada mantendo as distancias de seguridade e coa mascarilla posta.

É obrigado por todos a utilización da máscara hixiénica ou cirúrxica de forma correcta, tapando nariz e boca, durante a competición; a excepción dos atletas que estean competindo, segundo o estipulado no Protocolo da FGA.

É obrigado por todos/as os/as atletas entregar na recollida do dorsal en cámara de chamadas a Declaración Responsable, no seguinte ligazón:
(publicarse coa listaxe de admitidos)

O anel de herba que rodea a pista será de uso exclusivo para a circulación dos adestradores autorizados, estando unicamente habilitada a grada principal para o visionado da competición

A zona de herba non poderá ser utilizada para realizar o quecemento.



Deberá seguirse a circulación indicada para os adestradores/as, e seguir as indicacións do persoal auxiliar.



I Control de marcas Inverno Elviña 2021



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

OUTRAS DISPOSICIÓNS

O dorsal recollerase na cámara de chamadas no momento de acceso á mesma, intre no que deberá entregarse a declaración responsable sen a cal non se autorizará a participación.

Lémbrese que, nas carreiras, as mascarillas coas que se entre a zona de competición serán destruídas e se entregará unha nova unha vez chegado o atleta a meta. No caso de abandono sen concluír a proba, o atleta en cuestión deberá achegarse ao persoal auxiliar para lle ser entregada unha mascarilla, mantendo sempre a distancia de seguridade.

A organización estará a disposición tanto dos servizos médicos, como da persoa nomeada pola FGA para supervisar o protocolo sanitario e o persoal da instalación, para que en todo momento se sigan as medidas sanitarias adecuadas.

Para o acceso ós baños seguirase o sentido de circulación pola grada, sendo preciso que se realice en todo momento unha circulación circular. Os vestairos permancecerán pechados.

Os baños da instalación situados no baixo das gradas, poderán ser utilizados polo persoal auxiliar e xuíces da FGA, excepcionalmente polos atletas que se atopen en competición da pista.

A ambulancia e os servizos médicos, estarán ubicados na zona de meta, xunto ao portalón metálico.

A entrega de artefactos para a súa homologación realizarase na sala de dirección técnica ata unha hora antes do comezo da proba.

O incumprimento destas normas poñerase en coñecemento da autoridade ou organismo competente por se pode ser constitutivo dun delito, situación disciplinaria ou sanción.

Para máis información, plano da instalación e a ligazón das medidas e actuación específica das especialidades atléticas: <http://atletismo.gal/wp-content/uploads/2020/08/Medidas-de-actuación-07082020.pdf> e o protocolo da FGA.